



**XUNTA  
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia  
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás  
15707, Santiago de Compostela  
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577  
cidade.cultura@xunta.gal  
www.cidadedacultura.gal



**FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA**

**galicia**

O pasado día 27 de agosto de 2019 tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo, de solicitude de acceso á información público ao abeiro da lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e do artigo 26 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, solicitude que quedou rexistrada co número 01620100.

A solicitude, presentada por [REDACTED], require o acceso ao *“documento íntegro do ditame técnico sobre o sistema de anclaxe do aplacado con pedra cuarcita en fachadas do edificio MCG da Cidade da Cultura de Galicia, contratado a través de contrato menor reflectido na seguinte URL: [O ditame técnico ao que se fai referencia foi contratado pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia co obxecto de preparar á contestación á demanda no proceso xudicial aberto no Xulgado de Primeira Instancia nº 4, de Santiago de Compostela \[REDACTED\] do que aínda non se conta sentenza.](https://www.contratosdeg Galicia.gal//licitacion?N=569129.”</a></i></p></div><div data-bbox=)*

De acordo coa letra f), do número 1 do artigo 14 da citada Lei 19/2013, e do artigo 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para a igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva.

Analizada a solicitude, este órgano entende que a divulgación da información á cal se pretende acceder suporía un prexuízo para a materia sinalada no parágrafo precedente, toda vez que a divulgación de escritos procesuais levarían permitir que se exerceran, aínda que solo fora na percepción do público, presións externas sobre a actividade xurisdiccional e que se prexudicara a seriedade dos debates. En efecto, este ditame redactouse exclusivamente aos efectos de dito procedemento xurisdiccional e constitúe un elemento esencial do mesmo e das posibilidades de defensa da Fundación na súa argumentación.

En consecuencia, con fundamento no disposto no artigo 14.1. letra f) e 14.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, denégase o acceso á información pública cuxa solicitude quedou identificada no parágrafo primeiro desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional correspondente, no prazo de dous meses, ou previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, *prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.*

En Santiago de Compostela, na data que obra na sinatura dixital.  
Asdo. O secretario da Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Manuel Vila López



**Xacobeo 2021**